

Proposta de resolución con RESOLUCIÓN sobre a aprobación dos criterios de selección e priorización de proxectos, así como as limitacións sectoriais, da Estratexia de Desenvolvemento Local do grupo de desenvolvemento rural de Galicia GDR 10 Grupo de Desenvolvemento Rural A Limia-Arnoia

I. ANTECEDENTES

1. O Consello de Dirección da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (en adiante, a Axencia), na súa xuntanza do 20 de abril de 2022, acordou aprobar as bases reguladoras para a selección de organizacións candidatas a converterse en entidades colaboradoras na medida Leader de Galicia para o período 2023-2027, para a concesión de axudas orientadas á adquisición de capacidades e para accións preparatorias en apoio do deseño de futuras estratexias de desenvolvemento local participativo para o período de programación 2023-2027, cofinanciadas polo fondo Feader, e para aprobación de estratexias de desenvolvemento local, así como a correspondente convocatoria, para as anualidades 2022 e 2023 (código de procedemento MR701F). Dito acordo publicouse mediante Resolución do 18 de maio de 2022 (DOG nº 105, do 2 de xuño).

De conformidade co artigo 18 das indicadas bases reguladoras, mediante a Resolución do 19 de setembro de 2022, a directora xeral da Axencia, por delegación do Consello de Dirección desta, seleccionou 24 organizacións candidatas a converterse en entidades colaboradoras na medida Leader de Galicia para o período 2023-2027.

2. A Resolución da directora xeral da Axencia do 27 de abril de 2023, estableceu as condicións e os obxectivos para garantir a idónea execución do programa Leader de Galicia para o período 2023-2027, así como as regras para a elaboración das estratexias e os criterios de puntuación referidos aos territorios que se correspondan coas estratexias de desenvolvemento local que sexan seleccionadas (DOG nº 89, do 10 de maio).

Instruído o procedemento, a directora xeral da Axencia, mediante Resolución do 7 de decembro de 2023, seleccionou e aprobou as estratexias de desenvolvemento local, así como as entidades colaboradoras na intervención Leader de Galicia para o período 2023-2027. A dita Resolución foi rectificada pola Resolución do 20 de maio de 2024.

A selección quedou condicionada a que todas as asociacións adecúen os procedementos de selección de proxectos ao disposto nos artigos 16 a 21 da Resolución do 27 de abril de 2023.

AXENCIA GALEGA DE DESENVOLVEMENTO RURAL
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

Lugar da Barcia 56, Laraño
15897 Santiago de Compostela
T. + 34 981 547 354
infoagader@xunta.gal
agader.xunta.gal





3. A xunta directiva do grupo de desenvolvemento rural 10 Grupo de Desenvolvemento Rural A Limia-Arnoia aprobou os criterios de selección e priorización de proxectos, así como as limitacións sectoriais, das súas Estratexias de Desenvolvemento Local.
4. O GDR 10 Grupo de Desenvolvemento Rural A Limia-Arnoia remitiu á Axencia os citados criterios de selección e priorización de proxectos, así como as limitacións sectoriais, para a súa aprobación, segundo o cadro achegado:

Data aprobación xunta directiva	Data remisión Agader, nº rexistro	
13/03/2025	10/07/2023	2023/2014756
	18/03/2025	2025/773536

II. CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

1. Normativa xeral e específica de aplicación

1. Lei 5/2000, do 28 de decembro, de medidas fiscais e de réxime orzamentario e administrativo (DOG n.º 251, do 29 de decembro), pola que se creou a Axencia como un ente de dereito público, e Decreto 79/2001, do 6 de abril, polo que se aprobou o Regulamento da Axencia (DOG n.º 77, do 20 de abril).
2. Lei 11/2021, do 14 de maio, de recuperación da terra agraria de Galicia, que contempla a natureza da Axencia como unha axencia pública autonómica das previstas no artigo 45 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia (DOG n.º 94, do 21 de maio).
3. Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, a partir de agora LPACAP (BOE n.º 236, do 02 de outubro).
4. Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia (DOG n.º 121, do 25 de xuño).
5. Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a partir de agora RLSG (DOG n.º 20, do 29 de xaneiro).
6. Lei 6/2001, do 29 de xuño, de adecuación da normativa da Comunidade Autónoma de Galicia á Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, de modificación da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común (DOG n.º 135, do 12 de xullo).
7. Acordo do 20 de abril de 2022 do Consello de Dirección da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural, polo que se aproban as bases reguladoras para a selección de organizacións candidatas a converterse en entidades colaboradoras na medida Leader de Galicia para o período 2023-2027, para a concesión de axudas orientadas á adquisición de capacidades e para accións preparatorias en apoio do deseño das futuras estratexias de desenvolvemento local participativo para o período de programación 2023-2027, cofinanciadas polo fondo Feader, e para a aprobación de estratexias de desenvolvemento local, así como a correspondente convocatoria, para as anualidades 2022 e 2023 (código de procedemento MR701F). O citado acordo publicouse mediante a Resolución do 18 de maio de 2022 (DOG n.º 105, do 2 de xuño).





8. Resolución da directora xeral da Axencia do 27 de abril de 2023 pola que se estableceron as condicións e os obxectivos para garantir a idónea execución do programa Leader de Galicia para o período 2023-2027, así como as regras para a elaboración das estratexias e os criterios de puntuación referidos aos territorios que se correspondan coas estratexias de desenvolvemento local que sexan seleccionadas (DOG n.º 89, do 10 de maio).
9. Resolución do 7 de decembro de 2023 da persoa titular da Dirección Xeral da Axencia, ditada por delegación do Consello de Dirección, de selección de estratexias de desenvolvemento local e de entidades colaboradoras, así como de distribución de fondos entre as estratexias de desenvolvemento local.
10. Resolución do 20 de maio de 2024 pola que se rectifican os erros materiais da Resolución do 7 de decembro de 2023 da persoa titular da Dirección Xeral da Axencia, ditada por delegación do Consello de Dirección, de selección de estratexias de desenvolvemento local e de entidades colaboradoras, así como de distribución de fondos entre as estratexias de desenvolvemento local.

2.Competencia

A competencia para a instrución do procedemento para a selección e aprobación de estratexias de desenvolvemento local, así como para a selección de entidades colaboradoras na medida Leader de Galicia para o período 2023-2027, é da Subdirección de Relacións cos Grupos de Desenvolvemento Rural, segundo o artigo 15 das bases reguladoras aprobadas o 20 de abril de 2022 polo Consello de Dirección da Axencia para a selección de organizacións candidatas a converterse en entidades colaboradoras na medida Leader de Galicia para o período 2023-2027, publicadas mediante a Resolución do 18 de maio de 2022 (DOG n.º 105, do 2 de xuño).

Segundo o artigo 20.7 das citadas bases reguladoras, a persoa titular da Dirección Xeral da Axencia, por delegación do Consello de Dirección desta, é a competente para a aprobación das estratexias de desenvolvemento local, das que forman parte os criterios de selección e priorización de proxectos, así como as limitacións sectoriais, aplicables na execución das citadas estratexias.

3.Valoración da documentación presentada polo GDR.

Tras a instrución do procedemento conséntase que:

-A entidade colaboradora GDR 10 Grupo de Desenvolvemento Rural A Limia-Arnoia na intervención Leader de Galicia para o período 2023-2027 seleccionada pola Resolución do 7 de decembro de 2023, rectificada pola Resolución do 20 de maio de 2024, presentou ante a Axencia as normas para a xestión das estratexias de desenvolvemento local, en particular, o Plan de xestión e os criterios de selección e priorización de proxectos, así como as limitacións sectoriais, das estratexias de desenvolvemento local.

-Que as normas referidas á estratexia do GDR 10 Grupo de Desenvolvemento Rural A Limia-Arnoia conteñen, ben na súa primeira versión, ben na modificada revisada tecnicamente pola Axencia, os límites de axuda pública máxima, os criterios de selección e priorización dos proxectos (baremo, regras para a asignación das porcentaxes de axuda pública e procedemento de priorización e selección dos proxectos que contén coa verificación favorable do informe de control de elixibilidade por parte da Axencia), así como as limitacións sectoriais e fan referencia





aos mecanismos que garanten os principios de obxectividade, publicidade, imparcialidade e libre concorrência, aos procesos de toma de decisións e aos procedementos de contratación, e o procedemento para evitar conflitos de intereses nos membros dos órganos de avaliación e decisión do GDR.

-Que as ditas normas foron aprobadas polo órgano competente do GDR.

En definitiva, o GDR seleccionado adecuou os procedementos de selección de proxectos ao disposto nos artigos 16 a 21 da Resolución do 27 de abril de 2023 pola que se establecen as condicións e os obxectivos para garantir a idónea execución do programa Leader de Galicia para o período 2023-2027, en particular, ás regras de puntuación e procedemento de selección dos investimentos subvencionables para operacións en apoio de terceiras persoas.

Tendo en conta os antecedentes e consideracións sinaladas,

PROPOÑO

Que se aprobe o Plan de xestión e os criterios de selección e priorización de proxectos, así como as limitacións sectoriais, das estratexias de desenvolvemento local do GDR 10 Grupo de Desenvolvemento Rural A Limia-Arnoiaque figuran como anexo deste documento.

Santiago de Compostela, na data da sinatura electrónica
A subdirectora de Relacións cos Grupos de Desenvolvemento Rural
Francisca María Gago Guillán

Tendo en conta o anterior, RESOLVO:

Aprobar a proposta da Subdirectora de Relacións cos GDR nos seus propios termos.

Contra esta resolución, que pon fin á vía administrativa, poderá interperse recurso potestativo de reposición ante o Consello de Dirección da Axencia, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da notificación, ou ben directamente recurso contencioso administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Compostela, no prazo de dous meses contados igualmente desde o día seguinte ao da notificación. Tamén poderá interpoñerse calquera outro recurso que se estime oportuno.

Santiago de Compostela, na data da sinatura electrónica
O Consello de Dirección da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural
(P.D.: art. 20.7 das bases reguladoras do 20.04.2022)
A directora xeral da Axencia
María Paz Rodríguez Rivera





Fondo Europeo Agrícola de
Desenvolvemento Rural:
Europa inviste no rural



APARTADO H e I

GDR LIMIA ARNOIA

ESTRATEGIA DE DESENVOLVEMENTO RURAL PARTICIPATIVA LEADER 2023-2027

📍 Rúa Portelo, 4 2º andar 32660 Allariz
☎ 988 442 535 | 604 026 618
✉ coordinadora@limia-arnoia.gal

📍 Praza das Pitas, 4 32800 Celanova
☎ 604 028 453
✉ técnico@limia-arnoia.gal

📍 Avda. Ourense, 19 32630 Xinzo de Limia
☎ 988 688 779 | 604 027 382
✉ administración@limia-arnoia.gal

www.limia-arnoia.gal





Contido

Índice de táboas	3
<i>H. Obxectivos</i>	4
H.1. Obxectivos xerais	4
H.2. Obxectivos específicos	5
H.3. Indicadores para o seguimento do nivel de consecución dos obxectivos	8
<i>I. Plan de acción</i>	10
I.1. Liñas estratéxicas e medidas ou liñas de actuación	10
I.2. Proxectos e accións específicas con impacto significativo	14
I.3. Actuacións propias de animación a realizar polo grupo	16
I.4. Plan de formación do GDR	17
I.5. Plan de cooperación e traballo en rede con outros GDR e entidades	19
I.6. Planificación temporal	29





Índice de táboas

Táboa 1. Relación priorizada dos obxectivos xerais da estratexia.....	4
Táboa 2. Relación priorizada dos obxectivos específicos da estratexia	5
Táboa 3. Indicadores para o seguimento do nivel de consecución dos obxectivos	8
Táboa 4. Liñas estratéxicas e medidas ou propostas de actuación.....	10
Táboa 5. Proxectos e accións específicas con impacto significativo.....	14
Táboa 6. Programación das actuacións propias de animación a realizar polo grupo...	16
Táboa 7. Plan de formación.....	18
Táboa 8. Plan de cooperación e traballo en rede	20
Táboa 9. Planificación temporal dos proxectos e actividades.....	29





H. Obxectivos

Segundo o Anexo C das bases reguladoras, no apartado H da Estratexia de desenvolvemento local “Deberán definirse, a partir das conclusións obtidas nas epígrafes anteriores, os obxectivos que se pretendan acadar coa estratexia, ordenándoos de xeito xerárquico”.

H.1. Obxectivos xerais

Táboa 1. Relación priorizada dos obxectivos xerais da estratexia

Orde	Obxectivos xerais	Xustificación no marco da estratexia (*)
1º	Deseñar e poñer en marcha modelos de xestión do territorio, que permitan recuperar actividade agraria no territorio do GDR.	Identificamos demanda de terra como eixo central desta EDL, pois entendemos que un territorio a producir é un territorio que traballa a na loita contra o lume, o despoboamento e a conservación da paisaxe.
2º	Apoiar o diversificación económica dende unha análise territorial e da especialización de cada área do GDR Limia Arnoia.	O territorio do GDR é amplo e diverso, pasamos de chaira agrícola a parque natural e áreas de grande afluencia turística. Ter en conta a diversificación e a realidade local é imprescindible para acertar na execución dos fondos LEADER e a nas actuacións a definir de cara ao futuro.
3º	Crear espazos de innovación e impacto das mulleres no territorio do GDR.	Temos identificado o impacto da economía promovida por mulleres dentro do GDR. Podemos afirmar que a innovación vén das cabezas das mulleres, é por iso que esta EDL leva un forte peso en clave feminina. Así, os datos son analizados de xeito específico dende esta perspectiva e deséñase un proxecto piloto e transversal dentro da EDL. Vitamina F para o desenvolvemento rural.
4º	Formar, sensibilizar e crear coñecemento sobre a optimización do	No deseño dunha estratexia cunha forte visión de sostibilidade dos territorios, entendemos que o GDR





	uso da auga e da enerxía no noso territorio.	ten un papel fundamental no traballo coa sociedade sobre o uso racional e na busca de alternativas de optimización dos recursos, e alternativas innovadoras para facer un uso eficiente da auga e busca de alternativas ao combustible fósil
5ª	Crear dinámicas de participación e traballo en rede no propio GDR e con outras entidades.	Os concellos e entidades que conforman o gdr, e que traballan no territorio, son pequenas, con cadros de persoal escasos e con orzamentos limitados. Construír dinámicas de colaboración e crear conciencia de conxunto, é unha prioridade para o GDR. Debemos pensar e crear servizos mancomunados, proxectos entre varios concellos, e deseñar o futuro dende unha visión integral do territorio, superando (en parte) a visión municipal cando falamos de xestión e servizos,

H.2. Obxectivos específicos

Táboa 2. Relación priorizada dos obxectivos específicos da estratexia

Orde	Obxectivos específicos	Obxectivo(os) xeral(ais) ao(s) que se vincula	Xustificación no marco da estratexia (*)
1º	Crear un servizo de oferta-demanda de terras agrarias no GDR Limia Arnoia	Deseñar e poñer en marcha modelos de xestión do territorio, que permitan recuperar actividade agraria no territorio do GDR.	aterra
2º	Crear un fondo de terras do propio GDR	Deseñar e poñer en marcha modelos de xestión do territorio, que permitan recuperar actividade agraria no territorio do GDR.	aterra
3º		Deseñar e poñer en marcha modelos de	aterra





	Crear un fondo de explotacións agrarias para asegurar a continuidade das mesmas	xestión do territorio, que permitan recuperar actividade agraria no territorio do GDR.	
4º	Crear unha oficina de apoio á incorporación á actividade agraria	Deseñar e poñer en marcha modelos de xestión do territorio, que permitan recuperar actividade agraria no territorio do GDR.	aterra
5º	Mellorar e implementar servizos para a poboación nas zonas rurais, de xeito que se mellore o nivel de vida dos habitantes do medio rural, favorecendo a inclusión social.	Apoiar o diversificación económica dende unha análise territorial e da especialización de cada área do GDR Limia Arnoia.	As áreas rurais, coma a obxecto deste EDL, teñen moitas necesidades de servizos sen cubrir, é por iso que se priorizan aqueles investimentos que pretendan cubrir estas carencias de servizos para as persoas.
6º	Mellorar as condicións para crear e manter emprego nesta área rural de Ourense.	Apoiar o diversificación económica dende unha análise territorial e da especialización de cada área do GDR Limia Arnoia.	Os GDR contribuirán de forma prioritaria a seleccionar proxectos produtivos que
7º	Apoiar iniciativas económicas que permitan diversificar a economía rural	Apoiar o diversificación económica dende unha análise territorial e da especialización de cada área do GDR Limia Arnoia.	As áreas rurais deben manter unha forte actividade agraria, pero esta debe ir acompañada con outras actividades económicas coma o comercio, servizos, industria.
8º	Fomentar o paso a unha economía baixa en carbono e capaz de adaptarse ao cambio climático, fomentando o uso de enerxías renovables e mellora da eficiencia enerxética.	Apoiar o diversificación económica dende unha análise territorial e da especialización de cada área do GDR Limia Arnoia.	Debemos priorizar aqueles proxectos que teñen un compromiso co medio.





10	Crear unha laboratorio de participación de mulleres e innovación no GDR Limia Arnoia. (Vitamina F)	Crear espazos de innovación e impacto das mulleres no territorio do GDR.	A experiencia do LEADER dinos que neste territorio hai moitas mulleres a construír proxectos de futuro, asentados no territorio e cunha clara visión innovadora dos seus proxectos. Crear as redes, os lazos e, o traballo conxunto para identificar liñas de traballo, cooperación, colaboración, busca de fondos é un dos obxectivos este Living lab.
11	Crear un programa de atracción do talento feminino á territorio do GDR Limia Arnoia	Crear espazos de innovación e impacto das mulleres no territorio do GDR.	Os territorios rurais, coma o noso, teñen un problema de masculinización, as mulleres marchan e non regresan. Traballar en atraer o talento de mulleres que partiron para estudar é unha das prioridades deste territorio.
12	Crear unha rede de traballo entre administracións públicas como eixo de traballo “a innovación dende a mirada feminina”	Crear espazos de innovación e impacto das mulleres no territorio do GDR.	Entendemos que os territorios rurais, coma o noso, deben traballar de xeito coordinado entre institucións para sacar o maior rendemento aos fondos dispoñibles. Crear unha rede de traballo con entidades galegas e estatais para traballar con e para as mulleres do territorio. GAIN, Instituto da muller, Secretaría de Igualdade, AGACAL,...
9º	Traballar ao longo da estratexia na sensibilización do uso da auga: nos núcleos	Formar, sensibilizar e crear coñecemento sobre a optimización do uso da	A auga vai ser o gran limitante dos territorios, é fundamental adiantarse e crear “as





	urbanos, sector agraria, na industria, uso domestico.	auga e da enerxía no noso territorio.	boas prácticas” dende unha mirada ampla do uso. Por exemplo, na xardinería urbana.
10º	Traballar ao longo da estratexia na busca de alternativas enerxéticas nas explotacións agrarias.	Formar, sensibilizar e crear coñecemento sobre a optimización do uso da auga e da enerxía no noso territorio.	A Limia é unhas das comarcas agrarias máis importantes de Galicia, o uso de combustibles fósiles no sector é moi importante, o custe é cada vez máis alto e o recurso escaso, traballar conxuntamente co sector na busca de alternativas sostibles é unha das liñas de traballo dentro deste obxectivo.
11º	Buscar fondos para o territorio en base a temáticas compartidas entre os diferentes concellos	Crear dinámicas de participación e traballo en rede no propio GDR e con outras entidades.	O GDR como ferramenta de apoio á xestión municipal e á busca de fondos
12º	Crear un consorcio entre os 25 concellos do territorio e GDR	Crear dinámicas de participación e traballo en rede no propio GDR e con outras entidades	O GDR como ferramenta de apoio á xestión municipal e á busca de fondos

H.3. Indicadores para o seguimento do nivel de consecución dos obxectivos

Táboa 3. Indicadores para o seguimento do nivel de consecución dos obxectivos

Obxectivos xerais			
Nº	Obxectivo	Indicador	Unidade de medida
OX1	Deseñar e poñer en marcha modelos de xestión do territorio, que permitan recuperar actividade agraria no territorio do GDR.	- Solicitudes de demandas de terras - Solicitudes de ofertas de terras - Ha en aluguer - Parcelas inscritas no fondo de terras Aterra	- Hectáreas - Número de solicitudes - Contratos asinados





OX2	Apoiar o diversificación económica dende unha análise territorial e da especialización de cada área do GDR Limia Arnoia.	- Proxectos subvencionados produtivos - Proxectos subvencionados non produtivos - Proxectos propios do GDR - Proxectos de animación - Solicitude de axudas - Consultas	- Número de proxectos - Beneficiarios/as das axudas - Persoas atendidas
OX3	Crear espazos de innovación e impacto das mulleres no territorio do GDR.	- Reunións celebradas - Actividades organizadas (seminarios, festivais, encontros, presentacións,) - Proxectos redactados - Convenios con outras institucións	- Número de encontros - Número de mulleres - Número de mulleres que se instalan no territorio - Número de acordos con outras institucións
OX4	Formar, sensibilizar e crear coñecemento sobre a optimización do uso da auga e da enerxía no noso territorio.	- Campañas de sensibilización - Cursos de formación - Viaxes de formación - Xornadas técnicas	- Folletos - Número de cursos - Número de matriculados - Inscripcións nas xornadas
OE5	Crear dinámicas de participación e traballo en rede no propio GDR e con outras entidades.	- Proxectos - Reunións - Consorcio - Viaxes - Solicitude de axudas - Servizos implementados	- Número de viaxes - Número de reunións - Número de persoas que participan - Sinatura do consorcio - Axudas publicas aprobadas - Numero de persoas beneficiarias cun servizo





I. Plan de acción

Segundo o Anexo C das bases reguladoras, neste apartado cada entidade seleccionada deberá describir un plan de acción que incluíra, como mínimo, o seguinte contido:

- Identificación das liñas estratéxicas e propostas de actuación.
- Identificación de proxectos cun impacto significativo nos obxectivos e liñas estratéxicas de actuación.
- Programación das actuacións propias de animación a realizar polo grupo.
- Plan de formación que inclúa unha planificación dos cursos.
- Plan de cooperación con outros GDR e entidades.

I.1. Liñas estratéxicas e medidas ou liñas de actuación

Recoller aquí as liñas estratéxicas, e para cada liña estratéxica as medidas ou liñas de actuación, para a consecución dos obxectivos definidos no apartado H.

Táboa 4. Liñas estratéxicas e medidas ou propostas de actuación

	Liña estratéxica	Descrición	Obxectivos xerais (OX)/ Obxectivos específicos (OE) (*)	Medidas ou liñas de actuación
LE1	Converter ao GDR Limia nun referente na mobilidade de terras agrarias e no apoio á incorporación á agricultura	Puxemos en marcha no 2022 unha iniciativa pioneira no estado sobre mobilidade de terras, cambiando a mirada, e pódonos na pel do demandante e con base a tres piares: equipo técnico do GDR, a comunicación e a tecnoloxía e a REDE “boca a boca”.	OX1. Diseñar e poñer en marcha modelos de xestión do territorio, que permitan recuperar actividade agraria no territorio do GDR. Todos os obxectivos	- Posta en marcha de Aterra - Convenio coa Deputación de Ourense para a xestión de terras na Limia - Acordo de colaboración co Bispo de Ourense para a xestión de terras da súa titularidade - Acordo coa Deputación de Ourense para a apoio económico da iniciativa Aterra - Contratación de técnicos para aterra - Desenvolvemento da web e visor aterra





		O modelo deseñado para dar solución á demanda de terra agraria nas nosas comarcas e partindo da máxima “se alguén quere producir no noso territorio, nós temos que conseguir esa terra”	específicos deste OX	- Ver memoria que se xunta no apartado correspondente a aterra (apartado e pilotos da EDL) - Crear a oficina aterra como punto de apoio ao incorporación.
LE2	Converter ao GDR Limia Arnoia nun referente no desenvolvemento rural dende a mirada da muller	Na fase de participación social da estratexia, detectouse a necesidade de traballar con e para as mulleres que desenvolven iniciativas de alto valor no noso territorio. Das xuntanzas mantidas, desenvolveuse un traballo de marco lóxico para deseñar un proxecto que abarcase as inxerencias das entidades que formaban parte do proceso. Este é un proceso aberto e con vida propia pero que podemos concluír nunha primeira fase co	Crear espazos de innovación e impacto das mulleres no territorio do GDR.	- Deseño do regulamento de traballo do Living lab - Presentación do proxecto Vitamina F a entidades financiadoras - Presentación aos medios do proxecto Vitamina F - Deseño de encontros e actividades - Redacción de proxecto para presentar a convocatorias de axudas: - Deseño da campaña de comunicación e imaxe do proxecto dende unha visión actual, empregando o título como eixo da campaña. Vitamina F para o desenvolvemento rural





		proxecto Vitamina F.		
LE3	O GDR como entidade de referencia na divulgación e aconsellamento do uso racional da auga e a enerxía no territorio	O cambio climático é unha evidencia, as últimas tempadas estivais foron duras en canto á dispoñibilidade de auga, e o encarecemento dos combustibles fósiles obríganos a repensar e deseñar modelos que se adapten á dispoñibilidade de auga e enerxía.	Formar, sensibilizar e crear coñecemento sobre a optimización do uso da auga e da enerxía no noso territorio	- Campañas de sensibilización no uso doméstico da auga, centrada en como reducir. - Campañas de sensibilización/formación na xardinaría urbana de baixo consumo. - Formación ao sector agrario en sistema de rega eficientes. - Xornadas de portas abertas - Semana da auga - Alianzas con empresas locais e empresas de servizos (fontaneiros, ferreterías,...) para ofertar desconto en sistemas especiais. - ...
LE4	Crear a rede de traballo e busca de fondos para o 25 concellos do territorio, en colaboración coas entidades locais.	A pequena dimensión das entidades que traballan no noso territorio dificulta o deseño e desenvolvemento de proxectos con impacto para a transformación e adaptación aos cambios (económicos, de poboación, climáticos,...). Dende o GDR como entidade que agrupa a máis dunha centena de entidades, avaliamos a	Crear dinámicas de participación e traballo en rede no propio GDR e con outras entidades.	- Deseñar proxectos para presentar a convocatorias de axudas públicas. - Crear o consorcio de concellos - Organización de viaxes de formación para alcaldías - Continuar na xestión de: 1. Xeodestino A Limia (iniciado no 2023) 2. Xeodestino Allartiz – Maceda (iniciado no 2019) 3. Xestión da Reserva da Biosfera área de Allariz (iniciado no 2021) 4. Elaboración e redacción de Plans para concellos do territorio (PACES, Plan de Seca,...)





		situación e entendemos a propia entidade pode ser a ferramenta que promova e pule por esa transformación centrado os eixos de traballo nos obxectivos da estratexia: auga, enerxía, emprendemento, sector agrario.		
LE5	Apoiar as iniciativas económicas que permitan unha diversificar e dotar de servizos ao territorio.	A medida LEADER é unha ferramenta incuestionable para os territorios rurais de Europa, mellorar na xestión deste fondos, facendo un reparto máis eficiente, mellorar na selección de proxectos tendendo á certificación 100%, servir de punto de apoio aos persoas que creen empresa, e traballar por buscar fondos complementarios que aseguren a permanencia dos proxectos ao longo do tempo	Apoiar o diversificación económica dende unha análise territorial e da especialización de cada área do GDR Limia Arnoia.	- Apoio económico a proxectos produtivos - Apoio técnico para busca de fondos complementarios á LEADER - Difusión e divulgación dos proxectos apoiados polos LEADER - Crear unha rede de traballo entre os proxectos LEADER co obxectivo de crear colaboración e e cooperación entre eles. - Crear rede de espazos de traballo compartido no territorio do GDR para dar soporte aos persoas que se queiran instalar no noso territorio





I.2. Proxectos e accións específicas con impacto significativo

Na táboa que figura a continuación recóllense os proxectos e accións específicas que o GDR vai desenvolver ou impulsar, que considera máis relevantes, con impacto significativo nos obxectivos (apartado H) e liñas estratéxicas (epígrafe I.1).

Recolleranse aquí os proxectos a financiar e tamén as actividades a desenvolver directamente polo GDR con impacto significativo (nomeadamente, actuacións de animación e actividades de formación e cooperación).

Táboa 5. Proxectos e accións específicas con impacto significativo

	Proxecto / Acción específica	Obxe ctivo xeral/ espec ífico ao que respo nde	Tipo de proxecto ou acción (*)	Produtivo / Non produtivo (**)	Descrición (***)
P1	Aterra	OX1	A		Eixo central da estratexia, perfectamente definido en varios aparatdaos da EDL
P2	Vitamina F	OX3	A		Proxecto en clave feminino. Iniciarase con fondos propios de traballo en rede e buscarase a contribución doutras entidades de innivación,igualdade, traballo.
P3	Sensibilización Auga e Enerxía	OX4	A		Financiamento propio a través de animación e/ou traballo en rede e dos GT
P4	Certificación Paisaxe	OX1	A		A través de animación o GDR Limia Arnoia certificara por primeira vez en Galicia “paisaxes autóctonos”





P5	Centro de Transformación	OX2	P	P	Situados nunha dos territorios máis agrarios de Galicia, entendemos que a transformación dos produtos é unha oportunidade de emprego. Recollemos como proxecto piloto a instalación dun centro de transformación agrario que contempla varias liñas de traballo. Ver anteprojecto
P6	Termas de Xunqueira/Baños de Molgas	OX2	P	NP	Os concellos de Baños de Molgas e Xunqueira de Ambía, situados na zona 3A dispoñen de augas termais sen aproveitamento comercial. Proxectar a recuperación das augas de Xunqueira e a mellora das instalacións do Balneario de Molgas.
P7	Mixturando	OX1	C		Proxecto de investigación –acción impulsado polo GDR Limiar Arnoia como coordinado e como socios ao GDR Condado Paradanta, a USC e o GDR Camín Real de Mesa (AS) para a valorización do bosque mixto atlántico.
P8	Divulgación das empresas apoiadas polo LEADER				
9	Estratexia de comunicación do territorio Limia Arnoia				
P10	Estratexia Alimentaria do territorio Limia Arnoia				





Notas aclaratorias:

(*) Indicar o tipo de proxecto/acción: Proxecto a financiar (P); Actuación de animación propia (A); Actividade formativa (F); Actividade de cooperación (C); Outras accións específicas (O).

Nesta táboa recóllense tanto os proxectos (ou tipoloxías de proxectos) que o GDR considera relevantes para financiar como aquelas actuacións de animación, actividades formativas e de cooperación (detalladas en táboas posteriores) que se valoran con impacto significativo.

(**) No caso de proxectos a financiar (P), indicar o seu carácter Produtivo/Non Produtivo.

(***) Ademais dunha breve descrición, resaltar, no seu caso, se o proxecto ou acción supón a xeración de novos produtos, novos servizos, novas infraestruturas ou dotacións no territorio.

.. Incluir tantas filas como sexa necesario continuando a numeración P4, P5, ..

I.3. Actuacións propias de animación a realizar polo grupo

Táboa 6. Programación das actuacións propias de animación a realizar polo grupo

	Actuación	Contido das actividades previstas (destinatarios, recursos utilizados, formatos e canles, ...)
A1	Campañas Auga e enerxía	Talleres prácticos, semana da auga, material educativo, eventos comunitarios, programa de mentoría para agricultores,... Campañas que se realizarán ao longo de toda a estratexia e para destinatarios diferentes (agricultores, cidadanía, técnicos do territorio) Inicialmente realizaranse con fondos de animación, pero traballarase na busca de fondos doutras entidades e a súa colaboración.
A2	Viaxes de formación para a Xunta directiva	- Coñecer outras realidades rurais do estado ou mesmo de Europa - Dirixido aos membros da Xunta Directiva do GDR
A3	Presentación do proxecto Vitamina F	- Xornada de presentación e lanzamento do proxecto Vitamina F Presentación en auditorio ou sala con capacidade para máis de 100 persoas, pantalla grande.
A4	Dosier resumo dos proxectos subvencionados con LEADER	Deseño de elaboración de contidos do dossier dixital dos proxectos subvencionados





A5	Divulgación das empresas apoiadas polo LEADER	Campaña en rrss das empresas apoiadas polo LEADER
A6	Estratexia de comunicación do territorio Limia Arnoia e desenvolvemento da mesma	Elaboración dunha estratexia de comunicación do GDR de xeito que poidamos comunicar e difundir os traballos realizados dende o GDR, a oferta formativa, así como das convocatorias de axuda. Mellorar a comunicación para mellor a análise dos datos.
A7	Estratexia Alimentaria do territorio Limia Arnoia	A estratexia alimentario do GDR nace como resultado da posta en marcha de aterra, entendemos que debemos contribuír a producir alimento de calidade, respectuoso co entorno e coa saúde, e que este debe consumirse na proximidade. Dentro desta liña de traballo, impulsaremos unha estratexia a nivel local para favorecer o consumo de alimentos de proximidade (comedores, mercados, cadea comerciais,...)
A8	Apoio a iniciativas culturais locais	O GDR destinará parte dos fondos de animación a apoiar iniciativas locais de carácter cultural

I.4. Plan de formación do GDR

No apartado B da estratexia recóllense de xeito detallada os datos de formación da poboación, facendo especial análise na da muller.

Resultado da análise do territorio en xeral, pensando en claves de desenvolvemento e optar a máxima rendabilidade aos fondos LEADER para o novo período, este GDR decidiu priorizar as actuacións do territorio en tes ZONAS 1,2,3.

O territorio do GDR é un territorio amplo e diverso, por iso entendemos que dentro das prioridades do territorio en xeral debemos facer unha especialización por zonas, tendo en conta que cada unha destas zonas ten unha clara vocación:

ZONA 1: Corresponde con parque Natural Baixa Limia Serra do Xurés nos concellos de Muíños, Bande, Lobios, Lobeira, Entrimo e Calvos de Randín, onde intentaremos priorizar proxectos que teñan que ver coa posta en valor dos recursos do parque (naturais) dende unha visión produtiva e xeradora de emprego, incluído os servizos turísticos no parque.





ZONA 2: A comarca da Limia é unha comarca agraria polo que promover e favorecer proxectos vinculados ao sector (produción, transformación, comercialización e diversificación das explotacións agrarias).

ZONA 3: Terras de Celanova e Allariz Maceda, son dúas comarcas cunha clara vocación turística e comercial. Mellorar, profesionalizar e diversificar a oferta do sector servizos nos concellos desta Zona.

ZONA 3B. Con Celanova no centro inclúe A Bola, Quintela de Leirado e Vereá.

ZONA 3A: Allariz, Taboadela, Xunqueira de Ambía, Baños de Molgas e Maceda.

Dividir o territorio o subzonas permítenos definir cales serán os obxectivos nos que traballará de xeito directo o GDR en cada unha das áreas, orientando as actividades de formación, cooperación, colaboración e busca de fondos en cada área coa súa temática.

Esta división está directamente relacionada cos obxectivos da estratexia, tal e como se recolle na táboa seguinte:

	Zona 1 (Xurés- Medio)	Zona 2 (A Limia- Agraria)	Zona 3 (Celanova – Allariz- Servizos)
Obxectivos da EDL	OX1	OX1	OX2

I.4.2 Plan de formación

Táboa 7. Plan de formación

Actividade formativa (*)	Xustificación (**)	Formato	Duración	Requisitos alumnado	Requisitos persoal formador
Sector: Agrario					
F1.	Agricultura ecolóxica	Semi-presencial	250 horas	Priorizaranse as persoas profesionais do sector	Persoal con ampla experiencia no sector
F2.	Gandaría en extensivo	Semi-presencial	250 horas		
F3.	Cogumelos	Presencial	50 horas		
F4	Sistemas de eficiencia enerxética en explotacións agrícolas	Presencial	50 horas	Menores de 41 anos Mulleres	





F5	Sistemas de eficiencia no uso da auga en explotacións	Presencial	50 horas	Empadroada s no territorio	
Sector: Turismo e comercio					
F6	Formación para certificación SICTED	Presencial	50 horas	Priorizaranse as persoas profesionais do sector	Persoal con ampla experiencia no sector
F7	Comunicación e marketing dixital	Semipresencial	20 horas	Menores de 41 anos Mulleres Empadroada s no territorio	
Sector: Medio					
F8	O Monte como actividade gandeira	Presencial	50 horas	Priorizaranse as persoas profesionais do sector	Persoal con ampla experiencia no sector
F9	O Monte como actividade agraria	Presencial	50 horas	Menores de 41 anos	
F10	O Monte como actividade forestal	Presencial	50 horas	Mulleres Empadroada s no territorio	

1.5. Plan de cooperación e traballo en rede con outros GDR e entidades

Recoller aquí o plan de cooperación e traballo en rede con outros GDR e entidades, no que se especifiquen os seguintes aspectos:

- Sinerxías identificadas con outros GDR ou territorios.
- Fórmulas de colaboración futuras, mediante proxectos de cooperación ou outras formas de colaboración.
- Accións concretas a desenvolver.





Táboa 8. Plan de cooperación e traballo en rede

PROXECTOS COOPERACIÓN LEADER FORMULADOS	GDR Coordinador
Son de monte	Limia Arnoia
Nó Rural	Seitura 22
Ecocomedores	Mariñas Betanzos
Eurochef	Eu Rural

	
Antecedentes, xustificación e interese	No ano 2018, tras a devastadora ola de incendios que afectou a unha parte importante do país, 5 GDR de Galicia, decidimos iniciar un traballo ao redor da posta en valor do monte co obxectivo último de reducir o impacto dos lumes no territorio. Entendemos que a potencialidade do monte é inmensa e moita dela está sen explorar, estudar e sen a coordinación do sector. Así, presentouse unha primeira proposta a proxectos de cooperación entre GDR que foi aprobada, e o proxecto desenvolveuse con éxito entre os anos 2021 e 2022.
Breve descrición do proxecto	O obxectivo do proxecto é explorar diferentes modelos de posta en valor do monte, dende unha visión ampla e ambiciosa. O monte como xerador de biodiversidade, de madeira, de froitos, de fungos, de lecer, de cultura, patrimonio,...E isto é unha oportunidade de desenvolvemento dos nosos territorios.
Obxectivos	OBXECTIVO XERAL.





	Contribuír de xeito activo á valorización do monte, promovendo a recuperación das boas prácticas nos montes galegos, Obxectivo específicos. Contribuír á formación e ao coñecemento de boas practicas entre as comunidades de montes dos noso territorios. Deseño de modelos de xestión do monte en base á experiencia e os recursos locais. Elaborar material divulgativo de boas practicas na xestión do montes Aumentar a comunicación e a difusión da cultura do monte en Galicia
Entidades cooperantes	GDR 3 Montes e Vales Orientais, GDR 4 Comarca de Lugo, GDR 10 A Limia Arnoia, GDR 13 Condado Paradanta, GDR14 EuRural. GDR 23 Mariñas-Betanzos, GDR 24 Seitura 22
Entidade de coordinación	GDR Limia Arnoia
Orzamento	180.000 €
Accións a desenvolver	C. Contribuír á formación e ao coñecemento de boas practicas entre as comunidade de montes dos nosos territorios Organización de 6 xornadas, unha en cada territorio participante, sobre o aproveitamento, problemáticas e/ou boas prácticas nos montes galegos. 5 Xornadas temáticas, unha por territorio Seminario final no gdr Limia Arnoia D. B Deseño de modelos de xestión do monte en base á experiencia e recursos locais. Execución de 6 iniciativas





	loais, a desenvolver en colaboración/participación con entidades locais que traballen no monte. Elaborar os protocolos de actuación aplicados en cada un dos modelos da acción que nos sirvan de material de divulgación e difusión do proxecto. E. Aumentar a comunicación e a difusión da cultura do monte en Galicia Creación de contidos e actualización da we sonde monte.gal Creación de contidos e actualización das rrss son de monte Creación de material para a prensa sobre o contido e evolución do proxecto.
Repercusión	A unión entre propiedade e xestión é cada vez máis feble. As masas forestais e agrícolas son abandonadas ao mesmo tempo que se abandona a vida e o traballo nas áreas rurais. Deste xeito, o propietario está cada vez máis afastado da súa propiedade (en termos de distancia, tempo e tamén de sentimento). Esta distancia fai que o coñecemento sobre o que e como actuar nas túas propiedades sexa cada vez menor. Co proxecto Son de Monte porase en marcha 5 Centros DeMonte aos que o propietario poida dirixirse para buscar asesoramento e información de como xestionar os seus montes e incluso se poidan facer propostas de xestión conxunta.
Entidades colaboradoras	Concello de Tomiño, Concello de As Neves, reserva da Biosfera Area de Allariz, Organización Galega de Comunidades de Montes, Asociación Galega de Tracción





	Animal, Comunidade de Montes monte Xalo, Cooperativa Carqueixa, Asociación de Gandeiros de A Fonsagrada (Asgafón), Cooperativa A Carqueixa, Unións Agrarias Becerreá, Comunidade de Montes Monte Grande II.
--	---



NÓ-RURAL: EMPREGO E XUVENTUDE RURAL

Antecedentes, xutificación e interese	Proxecto desenvolvido nos anos 2021 a 2023 a través de Cooperación, onde participan os GDR: Seitura 22; Mariñas-Betanzos, Terra Chá, Comarca de Lugo, Limia-Arnoia e Eu-Rural. O proxecto busca acompañar á xuventude interesada en coñecer mellor as oportunidades para desenvolver o seu proxecto profesional e persoal, facilitando o proceso de incorporación ao mundo rural.
Breve descrición do proxecto	A través desta rede continuarase animando a incorporación de persoas no sector primario, fomentando o emprendemento e a mellora da empregabilidade, conectando ás empresas das áreas rurais co talento da xuventude, e mellorando a coordinación e o traballo en rede con outros axentes. Especificamente se traballará en aproveitar as ferramentas da Lei de recuperación da terra agraria de Galicia (polígonos agroforestais, permutas, banco de explotacións, etc.), para animar o relevo xeracional na agricultura e apoiar na incorporación de “novos entrantes” no sector.
Obxectivos	Explotar as oportunidades que se abren coa Lei de recuperación da terra agraria de Galicia e as súas ferramentas, para favorecer o relevo xeracional e á incorporación de novas persoas ao medio rural, especificamente no sector agrario.





Entidades cooperantes	Seitura 22 Mariñas-Betanzos Terra Chá Comarca de Lugo Limia-Arnoia e Eu-Rural
Valor engadido da cooperación	Os GDR teñen identificada a necesidade de incorporar novas persoas ao sector agrario, así como no apartado E da Estratexia identificadas áreas susceptibles de aplicar as ferramentas da Lei de recuperación de terras, polo que o proxecto tratará de facilitar a posta en produción destas terras, vinculado ao relevo xeracional.
Accións a desenvolver	Actuacións de sensibilización para xóvenes sobre as oportunidades de emprego que se abren no medio rural e no sector agrario. Visitas a explotacións agrarias para analizar a súa viabilidade e posible sucesión. Apoio na posta en marcha de polígonos agroforestais, permutas e banco de explotacións.
Repercusión	Agárdase que o proxecto contribúa á recuperación de terras agrarias e a afrontar o problema do relevo xeracional na agricultura. Prestará especial atención ás novas persoas que se queiran incorporar ao sector agrario (Nuevos Entrantes)

REDE ECO-COMEDORES GALICIA

Antecedentes, xutificación e interese	A proposta de proxecto de cooperación xorde do proxecto de experiencias previas desde varios GDRs desde o ano 2019, buscando con este proxecto amplificarse a outros territorios de Galicia, buscando complementariedades e compartir aprendizaxes. Con esta actuación de cooperación se propón ampliar estas accións piloto, para apoiar e revisar os menús de cada centro que dispón da súa propia cociña, e favorecer a incorporación de produtos locais e de tempada.
---	--





Breve descripción do proxecto	A finalidade do proxecto é impulsar desde os Grupos de Desenvolvemento Rural (GDR) a incorporación de centros educativos ou outro tipo de centros comunitarios (residencias terceira idade, infancia, etc) nunha nova “Rede”, que se chamará Rede Eco-Comedores, coa finalidade de que inclúan nos seus menús produto local, de tempada e/ou ecolóxico.
Obxectivos	Acompañar á comunidade escolar e outros centros residenciais durante o curso para revisar os menús de cada centro, analizando as necesidades e cambios que sería necesario aplicar para elaborar menús saudables, con produto local, de tempada e ecolóxico, sen que supoña un incremento económico da partida alimentaria. Facilitar o acceso aos produtos locais, mellorando a comercialización en circuitos curtos e o contacto entre as escolas e os agricultores/as que permita integrar estas producións no menú, coa correspondente diminución da pegada de carbono derivada do aforro nos transportes a grandes distancias dos alimentos. Divulgar e dar a coñecer o proxecto entre as familias e equipos xestores dos centros, e na sociedade en xeral, así como promover o cambio de modelo de consumo e cambios normativos que o favorezan.
Entidades cooperantes	GDR 1 Terras de Miranda, GDR 2 Terra Chá, GDR 3 Montes e Vales Orientais, GDR 4 Comarca de Lugo, GDR 5 Miño-Ulla, GDR 9 Monteval, GDR 10 A Limia Arnoia, GDR11 Adercou, GDR 13 Condado Paradanta, GDR14 EuRural. GDR 20 Ulla Tambre Mandeo, GDR 21 Asdecomor, GDR 22 Costa da Morte, GDR 23 Mariñas-Betanzos, GDR 24 Seitura 22
Valor engadido da cooperación	Acompañar a aprendizaxe común no proceso de transición alimentaria Aumentar a visibilidade da produción local de alimentos, o papel dos agricultores no rural, así como o traballo desenvolvido dende a rda. Aproveitar sinerxías e complementariedades entre as distintas producións dos territorios participantes, reforzándose mutuamente. Facer visible conxuntamente a contribución que os alimentos poden facer para mitigar o cambio climático e manter viva a cultura rural.
Accións a desenvolver	Asesoramento nutricional aos centros adheridos Accións de sensibilización, formación e talleres Apoio na organización de xornadas de menú con produto local e/ou ecolóxico Información e comunicación Apoio ao sector produtor e mellora da loxística





Repercusión	O fortalecemento das canles curtas de comercialización das producións locais contribuirá a reducir a pegada de carbono do sistema alimentario local en Galicia. O uso de produtos de tempada reducirá a pegada ecolóxica dos alimentos. O fomento da produción ecolóxica e de proximidade permitirá un mellor estado da biodiversidade ambiental.
-------------	--

EUROCHEF. A CHEF AT THE RURAL.

Descrición.	O proxecto “EuroChef. A chef at the rural” dará continuidade a accións de cooperación levadas a cabo en períodos anteriores, continuando coa implementación de accións de formación dirixidas a mellorar o nivel de coñecemento no ámbito de oferta de produtos e elaboracións para profesionais do sector e á vez que servirán de espazos de networking entre diversos axentes económicos e partes interesadas convidados a participar. Así mesmo, o proxecto busca que a poboación en xeral e determinados colectivos, teñan un maior coñecemento da riqueza dos seus recursos autóctonos así como doutras rexións europeas e promover unha dieta sa e equilibrada con alimentos de calidade e saudables. Este proxecto ten como finalidade intercambiar boas prácticas e estratexias de desenvolvemento en sinerxía con outros territorios, podendo replicar a mesma experiencia tendo o coñecemento previo da aplicación deste proxecto nos nosos territorios e a poboación local.
Xustificación do proxecto.	A idea do proxecto xorde da necesidade detectada nos territorios rurais de poñer en valor os nosos produtos gastronómicos, potenciando o seu consumo a nivel local a través de novas elaboracións e fusións con outras cociñas e á súa vez, a posibilidade de dar a coñecer fóra das nosas fronteiras a existencia destes produtos de calidade para crear novos produtos turísticos que ofrecer a outros países da Unión Europea. Considerando a gastronomía como un dos factores destacados dos 42 produtos





	turísticos no mercado, o presente proxecto vencella a promoción e a posta en valor da gastronomía local, unida á posta en valor dos recursos culturais e patrimoniais do territorios mediante a dinamización turística. A unión de turismo e gastronomía permitirá incrementar o número de visitantes nos territorios de actuación, favorecendo un maior fluxo de turistas, que repercutirán nun incremento de negocio para as empresas de aloxamento e restauración, así como para outras empresas do sector servizos en xeral vinculadas á actividade turística e gastronómica. Tamén favorecerá o incremento das vendas das empresas produtoras e transformadoras de produtos locais, que poderán ser demandados tanto por poboación local como polos turistas coñecedores da súa existencia a través deste proxecto. Así mesmo, detéctase a necesidade de mellorar o coñecemento entre as empresas de restauración e os seus profesionais, o comercio retalista e almacenista, distribuidores, axentes de turismo sobre o potencial de produtos locais e “quilómetro cero”, a dar resposta mediante o presente proxecto de cooperación.
OBXECTIVO XERAL	O obxectivo xeral do proxecto é alcanzar un Desenvolvemento económico sostible poñendo en valor os produtos locais e os territorios sobre a base da gastronomía, o patrimonio e a cultura. Para iso o proxecto poñerá en valor os produtos gastronómicos locais nos territorios para fomentar o seu consumo e oferta de calidade, con valor engadido e novas elaboracións, así como promoverse a fusión entre tradicións gastronómicas diversas nos territorios e unha estratexia conxunta para acceder a mercados emisores de turistas máis aló das nosas fronteiras.
OBXECTIVOS ESPECÍFICOS	OE1. Promover a dinamización económica do territorio, mellorando a rendibilidade económica das empresa vinculadas tanto á actividade turística -ademais de fomentar a creación de lazos con novos mercados emisores de turistas-, como empresas produtoras e transformadoras de produtos locais e promovendo a súa





	participación en foros e feiras que favorezan a divulgación dos produtos locais. OE2. Incrementar o nivel de coñecemento da formación da poboación local vinculada coa gastronomía, así como divulgar o consumo de produtos locais e promover a transferencia de coñecementos e tradicións gastronómicas. OE3. Fomentar a innovación gastronómica, creando novas elaboracións con produtos locais -a través das fusións con cocinas doutros países europeos- e integrando novos produtos turísticos vencellados á gastronomía. OE4. Potenciar a dinamización socioeconómica dos territorios rurais mediante a gastronomía e o turismo -incluíndo a súa integración en estratexias vinculadas a produtos turísticos dos territorios- así como mediante o fomento da creación de 43 novos produtos turísticos que unan aloxamento e gastronomía, facilitando a súa venda a través de operadores turísticos locais, nacionais e internacionais. OE5. Impulsar a formación das pequenas empresas produtoras, así como das empresas de restauración e aloxamento do territorio, mellorando a calidade da oferta gastronómica e turística. OE6. Mellorar a presentación de oferta gastronómica nos aloxamentos do noso territorios a través de formación e xornadas de networking que axuden a xerar novos produtos turísticos nas que o aloxamento se alíe coa restauración creando novos produtos turísticos no mercado. OE7. Fomentar a creación de estruturas que consoliden o traballo en rede e a continuidade das ferramentas xeradas no marco do proxecto, capitalizando o coñecemento e a experiencia acadada.
Participantes	☐ Asociación de Desenvolvemento Rural EuRural GDR 14 – Coordinador do proxecto.





	☐ Asociación de Desenvolvemento Rural Terras de Pontevedra Norte, GDR 16. ☐ Asociación de Desenvolvemento Limia – Arnoia GDR 10.
Accións do proxecto.	☐ Actividades de Comunicación. Plan de Comunicación asociado ao proxecto. ☐ Actividades de identificación e posta en valor de recursos locais. ☐ Actividades de difusión e dinamización no territorio: eventos de showcooking. ☐ Actividades de formación. Elaboración dun Plan Formativo para a dinamización turística e gastronómica nos territorios de actuación. ☐ Actividades de difusión do produto. Participación en feiras internacionais. ☐ Actividades de difusión do produto. Elaboración de material divulgativo.

I.6. Planificación temporal

Planificación temporal preliminar, por semestres, para a execución dos proxectos e accións recollidos nos apartados I.2 a I.5 (táboas 5, 6, 7, 8).

Táboa 9. Planificación temporal dos proxectos e actividades

	Semestres (*)													
Proxectos/ actividades	2023 I	2023 II	2024 I	2024 II	2025 I	2025 II	2026 I	2026 II	2027 I	2027 II	2028 I	2028 II	2029 I	2029 II
Proxectos e accións específicas con impacto significativo														
P1	x	x	x	x	x	x	x	x	x	x	x	x	x	x
P2			x	x	x	x	x	x	x	x	x	x	x	x
P3			x	x	x	x	x	x	x	x	x	x	x	x
P4			x	x	x	x	x	x	x	x	x	x	x	x
P5			x	x	x	x	x	x	x	x	x	x	x	x
P6							x	x	x	x	x	x	x	x
P7				x	x	x	x	x	x	x	x	x	x	x





P8			x	x	x	x	x	x	x	x	x	x	x	x
P9			x	x	x	x	x	x	x	x	x	x	x	x
P10												x	x	x
P11		x	x	x	x	x	x	x	x	x	x	x	x	x
P12				x	x	x	x	x	x	x	x	x	x	x
Actuacións propias de animación														
A1			x	x	x	x	x	x	x	x	x	x	x	x
A2			x	x	x	x	x	x	x	x	x	x	x	x
A3			x	x	x	x	x	x	x	x	x	x	x	x
A4			x	x	x	x	x	x	x	x	x	x	x	x
A5			x	x	x	x	x	x	x	x	x	x	x	x
A6			x	x	x	x	x	x	x	x	x	x	x	x
A7				x		x	x	x	x	x	x	x	x	x
A8				x		x	x	x	x	x	x	x	x	x
Actividades formativas														
F1	x	x	x	x	x	x	x	x	x	x	x	x	x	x
F2			x	x	x	x	x	x	x	x	x	x	x	
F3			x	x										
F4					x	x								
F5							x	x						
F6									x	x				
F7											x	x		
F8													x	x
Actividades de cooperación														
Son de Monte	x	x	x	x	x	x	x	x	x	x	x	x	x	x
Nó Rural	x	x	x	x	x	x	x	x	x	x	x	x	x	x
Ecocomedores	x	x	x	x	x	x	x	x	x	x	x	x	x	x
Eurochef	x	x	x	x	x	x	x	x	x	x	x	x	x	x





Fondo Europeo Agrícola de
Desenvolvemento Rural:
Europa inviste no rural



📍 Rúa Portelo, 4 2º andar 32660 Allariz
☎ 988 442 535 | 604 026 618
✉ coordinadora@limia-arnoia.gal

📍 Praza das Piñas, 4 32800 Celanova
☎ 604 028 453
✉ técnico@limia-arnoia.gal

📍 Avda. Ourense, 19 32630 Xinzo de Limia
☎ 988 688 779 | 604 027 382
✉ administración@limia-arnoia.gal

www.limia-arnoia.gal





J. NORMAS PARA A XESTIÓN DA ESTRATEXIA DE DESENVOLVEMENTO LOCAL

LIMIA ARNOIA GDR10





Fondo Europeo Agrícola de
Desenvolvemento Rural:
Europa inviste no rural



A. índice

1. Límites de axuda máxima
2. Tipoloxía de proxectos
 - a. non produtivos
 - b. produtivos
3. Criterios de priorización de expedientes
4. Limitacións sectoriais
5. Táboa de indicadores por concellos
6. Gastos Subvencionable
7. Baremo produtivo, non produtivo privado e non produtivo público
8. Táboa de indicadores por concellos
9. Zonificación



XUNTA
DE GALICIA

CONSELLERÍA
DO MEDIO
RURAL





1. Límite de axuda máxima

Os proxectos subvencionados baixo o LEADER 2023-2027 terán como porcentaxes e axudas máximas as que se recollen no cadro seguinte, co obxectivo de facer un reparto axeitado dos fondos públicos. Así, as axudas máximas para proxectos produtivos será de 100.000 € (50% do orzamento aceptado) e nos non produtivos será de 30.000 € (90% orzamento aceptado).

2

Límite de axuda máxima				
	% axuda mínima	Puntos mínimos	% axuda máxima para 60 ou máis puntos	Contía máxima
PRODUTIVOS	30%	30	50%	100.000 €
NON PRODUTIVOS	30%	30	90%	30.000 €
	30%	30	70%	30.000 €
	30%	30	50%	30.000 €

2. Tipoloxía de proxectos

Os proxectos presentados nas diferentes convocatorias deberán enmarcarse nunha tipoloxía de proxectos e serán puntuados (acorde o baremo da súa tipoloxía).

Os proxectos seleccionados serán aqueles con máis puntos ata esgotar orzamento de produtivos/non produtivos.

- No caso dos proxectos de natureza non produtiva, entran por esta orde: proxectos de prioridade alta, media e baixa.
- No caso de proxectos produtivos, serán seleccionados por orde de puntuación.

a. NON produtivos





PROXECTOS NON PRODUTIVOS: SERVIZOS Á CIDADANÍA

PRIORIDADE ALTA Axuda até o 90%	PRIORIDADE MEDIA AXUDA até 70%	PRIORIDADE BAIXA AXUDA até 50%
• Escolas infantís, Puntos de atención á infancia • Vivendas Comunitarias • Servizo de xantar na casa, para maiores • Servizos a domicilio para maiores persoas dependentes • Servizos a domicilio (fisioterapia, perruquería, ...) • Servizos de acompañamento (médico, compras, paseos, ...) • Servizos tecnolóxicos (Wifi, TIC,...) • Centros de día para os maiores • Servizos de igualdade e benestar • Inclusión sociolaboral • Pisos tutelados • Centros de emerxencia social • Plataformas dixitais dirixidas á poboación en xeral • Transporte adaptado • Recuperación patrimonial (espazos catalogados como BIC) • Recuperación paisaxística • Intervencións arqueolóxicas • Termalismo • Mellora do entorno (biodiversidade, mediambiente, auga,...) • Declaración de figuras de protección ambiental ou patrimonial	• Parques infantís, e oferta lúdico para a sociedade en xeral • Terapia asistida con animais • Servizos turísticos (puntos de información turística e outros similares) • Recuperación patrimonial (sen figura de protección)	• Rehabilitación e acondicionamento de locais sociais • Áreas recreativas e de lecer • Instalación deportivas • Sinalización de recursos turísticos • Actuación no sector da hospedaxe e restauración, en función do convenio AGADER/TURISMO

3

b. PRODUTIVOS





Operacións en apoio a terceiras persoas				
Sector da produción agraria Primaria	Transformación e comercialización de produtos agrarios	Transformación e comercialización de produtos forestais	Creación, modernización ou ampliación de todo tipo de empresas que desenvolvan actividades non agrarias	BONO RURAL
Ver artigo 10. Da Res do 27 de abril de 2023	Ver artigo 11. Da Res do 27 de abril de 2023	Ver artigo 12. Da Res do 27 de abril de 2023	Ver artigo 13. Da Res do 27 de abril de 2023	
	Anexo I Tratado constitutivo da Comunidade Europea.	I transformación industrial da madeira		
Máximo de axuda 50% do investimento total subvencionable	Máximo de axuda 40% do investimento total subvencionable	Máximo de axuda 50% do investimento total subvencionable	Máximo de axuda 50% do investimento total subvencionable	Máximo 18.000 €

3. Criterios de priorización de expedientes

- Puntuación acadada segundo baremos
- En caso de empate na puntuación, no criterio de selección prevalecerá o expediente que obteña maior puntuación no apartado 1 dos baremos: "situación xeográfica".
- En caso de persistir empate, no criterio de selección prevalecerá a data de rexistro de entrada no GDR da solicitude de expediente.

4. AXUDAS MÁXIMAS

Proxectos Produtivos: ata un 50 % do orzamento aceptado e unha axuda máxima de **100.000 €**

Proxectos NON produtivos: ata un 90% e unha axuda máxima **30.000 € (ver prioridade alta, baixa ou media)**





5. Limitacións sectoriais

1. Tendo en conta o carácter transversal da medida Leader, cómpre establecer limitacións sectoriais concretas por razóns de complementariedade e de coherencia con outras intervencións públicas que incidan sobre o territorio rural galego. Por outra parte, a Agader poderá solicitar informes e asinar convenios de colaboración cos distintos departamentos da Xunta de Galicia, coa finalidade de garantir a citada coherencia e complementariedade.

2. En productivos forestales el importe máximo de axuda é do 40%

3. Considerando o sinalado no apartado 1 deste artigo, establécense as limitacións sectoriais seguintes:

- a. Para os investimentos en establecementos turísticos e para os investimentos en actividades económicas do sector servizos no marco do sector da hostalería, rexerá o convenio de colaboración asinado entre a Agader e a Axencia Turismo de Galicia (no caso de habelo), se non existir o GDR Limia Arnoia non subvencionará apartamentos turísticos nas vilas do territorio, unicamente en pequenos núcleos de poboación de menos de 250 habitantes.
- b. Para os investimentos no sector das enerxías renovables: quedan excluídos de financiamento a través da medida Leader de Galicia 2023-2027 calquera tipo de investimentos en enerxías renovables para venda á rede.
- c. Criterios de actuación no sector do SECTOR SERVICIOS

Nas entidades singulares de menos de 1.500 habitantes son subvencionables os investimentos en creación, ampliación e/ou modernización de empresas do sector servizos, sempre e cando esta actividade sexa innovadora. O requisito de actividade innovadora acreditarase mediante un informe ou certificado do concello que constate que non existe dado de alta no epígrafe do IAE correspondente á actividade subvencionable, ningún outro establecemento.

Nas entidades singulares de poboación de 1.500 habitantes ou máis, son subvencionables os investimentos en creación de empresas, sempre e cando esta actividade sexa innovadora. O requisito de actividade innovadora acreditarase mediante un informe ou certificado do concello que constate que non existe dado de alta no epígrafe do IAE correspondente á actividade subvencionable, ningún outro establecemento.

- d. Criterios de actuación no sector do COMERCIO POLO MIÚDO



Nas entidades singulares de menos de 1.500 habitantes son subvencionables os investimentos en creación, ampliación e/ou modernización de empresas, sempre e cando esta actividade sexa innovadora. O requisito de actividade innovadora acreditarase mediante un informe ou certificado do concello que constate que non existe **NO NÚCLEO DONDE SE UBIQUE A ACTIVIDADE** dado de alta no epígrafe do IAE correspondente á actividade subvencionable, ningún outro establecemento.



Nas entidades singulares de poboación de 1.500 habitantes ou máis, son subvencionables os investimentos en creación de empresas, sempre e cando esta actividade sexa innovadora. O requisito de actividade innovadora acreditarase mediante un informe ou certificado do concello que constate que non existe **NO NÚCLEO DONDE SE UBIQUE A ACTIVIDADE** dado de alta no epígrafe do IAE correspondente á actividade subvencionable, ningún outro establecemento.

e) Os investimentos que consistan na adquisición de maquinaria para a realización de servizos agrarios e/ou forestais quedan excluídos de financiamento a través da medida Leader de Galicia 2023-2027

f) Para a realización de investimentos en centros sociais, así como o seu acondicionamento e equipamento deberán cumprir as seguintes condicións: que non exista na parroquia e que se faga nunha edificación tradicional. E para locais existentes unha axuda máxima de 20.000 € de axuda.

g) Quedan excluídos de subvencionalidade todas as actuación que teñan como fin a construción ou mellora dun velorio ou tanatorio.

h) Quedan excluídos de subvencionalidade todas as actuación que teñan como fin a construción ou mellora dunha aula da natureza no territorio do GDR 10.

i) Serán subvencionables unicamente as vivendas comunitarias, centros de día e residencia de maiores de nova creación, que estean promovidos por persoa física e ou xurídica de carácter privado, e sempre que sexa un servizo novo no concello. (CERTIFICADO OU INFORME DO CONCELLO SOBRE O IAE OU ACTIVIDADE)

j) Non serán obxecto de subvencionalidade as ampliacións, melloras ou modernizacións de vivendas, residencias e centros de día, salvo aquelas actuacións de mellora da eficiencia enerxética ou da adaptabilidade a persoas con capacidades especiais.



k) Os investimentos consistentes na elaboración de estudos, edición de libros ou guías e páxinas web terán un límite máximo de axuda de 10.000,00 € por proxecto.

l) Os investimentos relacionados con instalacións ou centros que presten o servizo de calquera ensinanza que teña carácter regrado quedan excluídos de financiamento a través do programa Leader.

7

M) Serán subvencionables pequenos proxectos, ata un máximo de 30.000 € de investimento total elixible, que supoñan o inicio ou implantación dunha actividade agrícola, gandeira ou agroforestal, sempre que esta constitúa unha actividade complementaria á actividade principal non agraria do promotor do proxecto

N) Serán tamén subvencionables, en función dos requisitos e condicións que se establezan nas bases reguladoras, pequenos proxectos, ata un máximo de 40.000 € de investimento total elixible, sempre que non sexan susceptibles de ser subvencionados pola Consellería do Medio Rural a través doutras intervencións de desenvolvemento rural incluídas no Plan estratéxico nacional

Ñ) Serán subvencionables os investimentos en explotacións agrarias que se refiran á mellora da súa eficiencia enerxética e/ou ao emprego de fontes de enerxía renovables.

A explotación agraria deberá estar en funcionamento, tendo declarado facturación real pola venda dos seus produtos, e deberá posuír un CEA (código de explotación agraria) ou rexistro oficial que corresponda á explotación agraria dunha antigüidade de, polo menos, un ano anterior á data da solicitude de axuda. A mellora da eficiencia enerxética da explotación

agraria deberá quedar acreditada mediante a presentación dun plan Empresarial, acompañado dun informe emitido por técnico competente ou dunha auditoría enerxética.

A redución dos custos enerxéticos derivados da mellora da eficiencia enerxética da explotación

deberá acadar unha porcentaxe mínima do 40 %. Os gastos subvencionables no ámbito deste punto son establecidos no anexo I desta resolución.

As actuacións de mellora da biodiversidade e a conectividade ecolóxica en explotacións agrarias ata un máximo de 10.000 € de axuda (restauración de sebes, bosquetes, humedais, etc.) tamén serán subvencionables en liña co obxectivo xeral de mellora da sustentabilidade ambiental da produción agraria establecido neste número.

O) Os investimentos consistentes na elaboración de estudos, edición de libros ou guías e páxinas web terán un límite máximo de axuda de 10.000,00 € por proxecto.

P) Os investimentos relacionados con instalacións ou centros que presten o servizo de calquera ensinanza que teña carácter regrado quedan excluídos de financiamento a través do programa Leader.





6. Gastos subvencionables

Con carácter xeral, e tendo en conta as particularidades que se establecen nesta sección para cada tipoloxía de investimentos, poderán subvencionarse os gastos necesarios para cumprir coa finalidade do proxecto, sempre que o seu valor non exceda o valor normal de mercado.

Os conceptos subvencionables xerais e as condicións de cada tipoloxía de proxecto serán as recollidas na RESOLUCIÓN do 27 de abril de 2023 pola que se establecen as condicións e os obxectivos para garantir a idónea execución do programa Leader de Galicia para o período 2023-2027, así como as regras para a elaboración das estratexias e os criterios de puntuación referidos aos territorios que se correspondan coas estratexias de desenvolvemento local que sexan seleccionadas.

Información recollida no artigo 7. Gastos subvencionables e no artigo 8. Os gastos non subvencionables.

Así, cada tipoloxía de proxecto poderá subvencionar uns conceptos ou outros en función do que se recolle nos artigos:

- *Artigo 10.* Os investimentos, de natureza produtiva, no sector da produción agraria Primaria
- *Artigo 11.* Os investimentos, de natureza produtiva, elixibles en transformación e comercialización de produtos agrarios
- *Artigo 12.* Os investimentos, de natureza produtiva, elixibles en transformación e comercialización de produtos forestais
- *Artigo 13.* Os investimentos, de natureza produtiva, que supoñan a creación, modernización ou ampliación de todo tipo de empresas que desenvolvan actividades non agrarias





7. Baremo produtivo, non produtivo privado e non produtivo público

BAREMO DE ACCIÓNS PRODUTIVAS			
	CRITERIOS	Puntuación Criterios	
1	SITUACIÓN XEOGRÁFICA		30
1.1	Taxa de desemprego no concello (T)		9
	(referencia: IGE 2022)		
	30% taxa desemprego > T	9	
	20% taxa desemprego < T ≤ 30% taxa desemprego	7	
	10% taxa desemprego < T ≤ 20% taxa desemprego	5	
	T ≤ 10 % taxa desemprego	3	
1.2	Características demográficas do concello (1.2.1+1.2.2)		10
	Envellecemento da poboación (IE), IGE ano 2022		5
	I.E. > 24	5	
	24 ≥ I.E. > 20	4	
	I.E. ≤ 20	3	
	Variación da poboación (V) entre os anos 2022 e 2012 (IGE)		5
	V ≥ - 100	5	
	-100 > V ≥ - 50	4	
	-50 > V ≥ - 24	3	
	-24 > V	2	
1.3	Núcleo ou entidade de poboación onde se realiza o proxecto		8
	Tamaño dos núcleos, nº de habitante do nomenclátor de 2022		
	< 200 habitantes	8	
	Máis ou = 200 e menos 1000 habitantes	5	
	> = ou 1000 habitantes	3	
1.4	Outros criterios. Acumulables até un máximo de 5 puntos.		3
	Concello inserido en Parque Natural ou Reserva da Biosfera		1
	Proxectos en concellos declarados como Desfavorecidos ou de Montaña.		2
2	INCIDENCIA AMBIENTAL (acumulable)		5

9





	Redución do consumo de carburantes e electricidade (mínimo 40%) en proxectos de ampliación e/ou modernización ou uso de Enerxías Renovables. Acreditado por un técnico competente na materia. Ficha II, III, IV, V	4	
	Certificación Ecolóxica, PEFC ou calquera ou norma que certifique unha xestión sustentable da empresa, normas ISO.	3	
3	CARACTERÍSTICAS DO PROMOTOR (acumulable)		10
	Persoas con discapacidade(mínima do 33%)	10	
	Mulleres	8-	
	41 >P > 55 anos	6-	
	Colectivos en risco de exclusión social	4-	
	* en caso de persoas xurídicas debe cumprir esta condición en máis do 25 de socios		
4	INCIDENCIA NO EMPREGO		30
4.1	Ratio de investimento emprego xerado. €/UTA . UTA (Unidade de Traballo Anual)	Ponderables os intervalos	17
		(a partir de 0,25 UTA)	
	R< =30.000 €/UTA	17	
	30.000 <R=<60.000 €/UTA	12	
	60.000 <R=< 80.000 €/UTA	9	
	80.000<R=< 100.000 €/UTA	7	
	R>100.000 €/UTA	5	
4.2	Mantemento de emprego durante 5 anos seguintes (Considérase mantemento de emprego en función das UTAs calculadas na vida laboral da empresa dos últimos 12 meses anteriores á solicitude do proxecto)	Ponderable s os intervalos	8
		(a partir de 0,5 UTA)	
	Mantemento de 3 UTA	8	
	Mantemento de 2 UTA	7	
	Mantemento de 1 UTA	5	
	Mantemento de 0,5 UTA	3	





4.3	Contratación de colectivos desfavorecidos (puntuacións acumulables ata un máximo de 15 puntos)	Acumulables	15
	Colectivos en risco de exclusión social (Persoas en proceso de reinserción social, emigrantes retornados, inmigrantes, vítimas de violencia de xénero, minorías étnicas)	10	
	Discapacitados (certificado de mínimo o 33%)	10	
	Maiores de 55 anos	6	
	Mulleres	6	
	Mozos (ata 41 anos)	4	
5	IMPACTO SOBRE O TERRITORIO		25
5.1	Actividades estratéxicas en cada unha das zonas do territorio: A, B ou C		20
5.2	Proxectos enmarcados dentro da Lei de recuperación da terra agraria de Galicia ou nalgúns dos instrumentos da lei. Proxectos enmarcados en Plans estratéxicos sectoriais de ámbito comarcal ou local.		10
5.3	Solicitud de BONO RURAL		15
5.4	Capacidade de arrastre do proxecto		5
	Utilización de factores do territorio do GDR durante o primeiro ano de actividade (utilización de ensumas-provedores do territorio para realizar a inversión do proxecto: por riba do 25% dos ensumas totais requiridos polo proxecto). Ensumas: materias primas, produtos e servizos intermedios, persoal)	5	
	Utilización de produtos ou servizos de empresas do territorio para o desenvolvemento da actividade (virá reflexado no proxecto e demostrable con facturación)	5	
5.5	Novos produtos, actividades ou servizos non existentes na zona. Presentar certificado do concello en base aos datos IAE ou informe municipal de que o servizo/produto é novo		5
	Actividades ou servizos non existentes no GDR	5	
	Actividades ou servizos non existentes no concello	3	
	Actividades ou servizos non existentes na parroquia	1	
TOTAL DO BAREMO			100





Puntuación máxima posible: 100
Considérase subvencionable a partir de: 30 puntos
Porcentaxe máxima de axuda (a partir de 60 puntos): 50% (dependerá de como quede nas bases reguladoras) en proxectos de transformación e comercialización de produtos forestais e un 50% nos demais proxectos.
Porcentaxe mínima de axuda (30 puntos):
Axuda máxima: 100.000,00 €/proxecto
* Proxectos encadrables nas Fichas I, II, III (dependerá das bases reguladoras)
** Alta nalgúnhas das actividades recollidas na Lei de Servizos Sociais da Xunta de Galicia
Bono Activa Rural. Máximo de 18.000 € por proxecto en función da puntuación: - Se é igual ou superior aos 60 puntos → 18.000 € - Se a puntuación é igual a 59 ou superior a 54 puntos → 14.000 € - Igual ou menor a 54 puntos → 10.000 €
Colectivos en risco de exclusión social (Persoas en proceso de inserción social, emigrantes retornados, inmigrantes, vítimas de violencia de xénero, minorías étnicas)
EXCLUSIÓNS
SECTOR SERVIZOS E COMERCIO POLO MIÚDO:
Nas entidades singulares de menos de 1.500 habitantes son subvencionables os investimentos en creación, ampliación e/ou modernización de empresas, sempre e cando esta actividade sexa innovadora. O requisito de actividade innovadora acreditarase mediante un informe ou certificado do concello que constate que non existe dado de alta no epígrafe do IAE correspondente á actividade subvencionable, ningún outro establecemento.
Nas entidades singulares de poboación de 1.500 habitantes ou máis, son subvencionables os investimentos en creación de empresas, sempre e cando esta actividade sexa innovadora. O requisito de actividade innovadora acreditarase mediante un informe ou certificado do concello que constate que non existe dado de alta no epígrafe do IAE correspondente á actividade subvencionable, ningún outro establecemento.
SERVIZOS A PERSOAS MAIORES:
SERÁN SUBVENCIONABLES UNICAMENTE AS VIVENDAS COMUNITARIAS, CENTROS DE DÍA E RESIDENCIA DE MAIORES DE NOVA CREACIÓN, QUE ESTEAN PROMOVIDOS POR PERSOA FÍSICA OU XURÍDICA DE CARÁCTER PRIVADO, E SEMPRE QUE SEXA UN SERVIZO NOVO NO CONCELLO (CERTIFICADO OU INFORME DO CONCELLO SOBRE O IAE OU ACTIVIDADE)





Fondo Europeo Agrícola de
Desenvolvemento Rural:
Europa inviste no rural



NON SERÁN OBXECTO DE SUBVENCIONALIDADE AS AMPLIACIÓNS,
MELLORAS OU MODERNIZACIÓNS DE VIVENDAS, RESIDENCIAS OU CENTROS
DE DÍA. Salvo aquelas actuacións de mellora da eficiencia enerxética ou da
adaptabilidade a persoas con capacidades especiais.

13



XUNTA
DE GALICIA

CONSELLERÍA
DO MEDIO
RURAL





BAREMO DE ACCIÓNS NON PRODUTIVAS SECTOR PÚBLICO			
CRITERIOS		Puntuación Criterios	
1	SITUACIÓN XEOGRÁFICA		30
1.1	Taxa de desemprego no concello (T)		9
	(referencia: IGE 2022)		
	30% taxa desemprego > T	9	
	20% taxa desemprego < T ≤ 30% taxa desemprego	7	
	10% taxa desemprego < T ≤ 20% taxa desemprego	5	
	T < = 10 % taxa desemprego	3	
1.2	Características demográficas do concello (1.2.1+1.2.2)		10
	Envellecemento da poboación (IE), IGE ano 2022		5
	I.E. > 24	5	
	24 => I.E. > 20	4	
	I.E. < = 20	3	
	Variación da poboación (V) entre os anos 2022 e 2012 (IGE)		5
	V > = - 100	5	
	-100 > V > = - 50	4	
	-50 > V > = - 24	3	
	-24 > V	2	
1.3	Núcleo ou entidade de poboación onde se realiza o Proxecto		8
	Tamaño dos núcleos, nº de habitante do nomenclátor de 2022		
	< 200 habitantes	8	
	Máis ou = 200 e menos 1000 habitantes	5	
	> = ou 1000 habitantes	4	
1.4	Outros criterios. Acumulables até un máximo de 3 puntos.		3
	Concello inserido en Parque natural ou Reserva da Biosfera		1
	Proxectos en concellos declarados como Desfavorecidos ou de Montaña.		2
2	CARACTERÍSTICAS DO PROMOTOR DO PROXECTO.		10
2.1	Proxectos participados por 2 concellos (con acordo detallado da colaboración e axustado ao establecido no capítulo VI: artigos 47 a 54 da Lei 40/2015 do Réxime Xurídico do sector Público))		10
2.2	Proxectos promovidos por mancomunidades de carácter público		10





3	INCIDENCIA AMBIENTAL (acumulable)		20
3.1	Proxectos que teñan por obxectivos a mellora da biodiversidade e conservación de hábitats*		12
3.3	Uso sostible dos recursos endóxenos e que virá claramente reflexado no proxecto presentado polo promotor, e validado polo GDR e por AGADER.		9
3.4	Uso de enerxías renovables ou mellora da eficiencia enerxética		7
3.5	Actuacións de complemento ao establecido na Lei de Prevención de Incendios de Galicia.		5
4	IMPACTO SOBRE O TERRITORIO		40
4.1	Poboación beneficiada co proxecto e incidencia sobre a mellora da calidade de vida		10
	Acción ou servizo non existente no territorio GDR	10	
	Acción ou servizo non existente no concello	5	
	Acción ou servizo non existente na parroquia ou lugar	3	
	Novo produto nun servizo xa existente.	2	
4.2	Incidencia sobre colectivos determinados: mocidade, promoción da igualdade, integración de colectivos de especial dificultade.		30
	Beneficiarios aos que vai dirixido especificamente o proxecto		10
	Discapacitados	10	
	Mulleres	10	
	Infancia, xuventude ou terceira idade	10	
	Colectivos en risco de exclusión social	10	
	Proxectos enmarcados na Lei ou Plan aprobados		20
	Proxectos enmarcados dentro da Lei de recuperación da terra agraria de Galicia ou nalgún dos instrumentos da lei. Proxectos enmarcados en Plans Estratéxicos sectoriais de ámbito comarcal ou local. Proxectos enmarcados nas áreas prioritarias das Zonas da estratexia (Agraria, Comercio-turismo, recursos naturais)	20	
	Perspectiva de xénero		10
	Proxectos que incorporen no seu desenvolvemento actuacións que promovan a igualdade de xénero (Plan ou Programa de igualdade visado pola Consellería de Servizos Sociais ou órgano competente.	10	
	TOTAL DO BAREMO		100
	Puntuación máxima posible: 100		
	Considérase subvencionable a partir de: 30 puntos		
	Porcentaxe máxima de axuda (a partir de 70 puntos): 90%		





Proxectos de prioridade alta: axuda máxima 90% axuda mínima: 30%
Proxectos de prioridade media: axuda máxima 70% axuda mínima: 30%
Outros proxectos: axuda máxima 50% axuda mínima: 30%
Axuda máxima: 30.000 €
CONDICIONANTES:
Os locais sociais de nova creación só serán subvencionables cando NON EXISTA OUTRO NA PARROQUIA e se instale nunha EDIFICACIÓN TRADICIONAL a rehabilitar.
Para locais sociais existentes (ampliación ou modernización): axuda máxima 20.000 €
*Proxectos encadrados nos conceptos de biodiversidade e hábitat sempre que teñan a ver con especies autóctonas nos seus hábitats naturais.
Biodiversidade: termo co que se fai referencia á ampla variedade de seres vivos que conforman a terra segundo o Convenio Internacional sobre Diversidade Biolóxica.
Hábitat é o ambiente que ocupa una poboación biolóxica, espazo no que una especie pode residir e reproducirse perpetuando a súa presenza.
Serán subvencionables unicamente as vivendas comunitarias, centros de día e de residencia de maiores de nova creación sempre que sexa un servizo novo no concello (certificado u informe do concello).
Non serán obxecto de subvencionalidade as ampliacións, melloras ou modernizacións de VIVENDAS, RESIDENCIAS OU CENTROS DE DÍA. Salvo aquelas actuacións de mellora da eficiencia enerxética ou da adaptabilidade a persoas con capacidades especiais.
Quedan excluídos de subvencionalidade todas as actuación que teñan como fin a construción ou mellora dun velorio ou tanatorio.
Patrimonio prioridade alta en BIC o resto, en prioridade media. Os ben BIC da igrexa que consistan no arranxo estruturais das edificacións non serán subvencionables polo LEADER
Limitación 10.0000 euros para estudos, libros guías e paxinas web As actuacións de mellora da biodiversidade e a conectividade ecolóxica en explotacións agrarias ata un máximo de 10.000 € de axuda (restauración de sebes, bosquetes, humedais, etc.)





BAREMO DE ACCIÓNS NON PRODUTIVAS SECTOR PRIVADO			
	CRITERIOS	Puntuación Criterios	
1	SITUACIÓN XEOGRÁFICA		30
1.1	Taxa de desemprego no concello (T)		9
	(referencia: IGE 2022		
	30% taxa desemprego > T	9	
	20% taxa desemprego < T ≤ 30% taxa desemprego	7	
	10% taxa desemprego < T ≤ 20% taxa desemprego	5	
	T ≤ 10 % taxa desemprego	3	
1.2	Características demográficas do concello (1.2.1+1.2.2)		10
	Envellecemento da poboación (IE), IGE ano 2022		5
	I.E. > 24	5	
	24 => I.E. > 20	4	
	I.E. ≤ 20	3	
	Variación da poboación (V) entre os anos 2022 e 2012 (IGE)		5
	V > - 100	5	
	-100 > V > = -50	4	
	-50 > V > = - 24	3	
	-24 > V	2	
1.3	Núcleo ou entidade de poboación onde se realiza o proxecto		8
	Tamaño dos núcleos, nº de habitante do nomenclátor de 2022		
	< 200 habitantes	8	
	Máis ou = 200 e menos 1000 habitantes	5	
	> = ou 1000 habitantes	3	
1.4	Outros criterios. Acumulables até un máximo de 5 puntos.		3
	Concello inserido en Parque natural ou Reserva da Biosfera		1
	Proxectos en concellos declarados como Desfavorecidos ou de Montaña.		2
2	CARACTERÍSTICAS DO PROMOTOR DO PROXECTO.		15





2.1.	Peso na entidade promotora de colectivos desfavor ecidos* (máis do 50 %)		15
2.2.	Implicación no proxecto de varias entidades		5
3	INCIDENCIA AMBIENTAL (acumulable)		20
3.1.	Proxectos q teñan por obxectivos mellora da biodiversidade e conservación de hábitats**		12
3.2.	Uso sostible dos recursos endóxeos e que virá claramente reflexado no proxecto presentado polo promotor, e validado polo GDR.		9
3.3.	Uso de enerxías renovables que contribúan á eficiencia enerxética		7
3.4.	Actuacións de complemento ao establecido na Lei de Prevención de Incendios de Galicia.		5
4	IMPACTO SOBRE O TERRITORIO		35
4.1.	Proxectos enmarcados na Lei ou plans aprobados		10
	Proxectos enmarcados dentro da Lei de recuperación da terra agraria de Galicia ou nalgúns dos instrumentos da lei. Proxectos enmarcados en Plans estratéxicos sectoriais de ámbito comarcal ou local.	10	
4.2.	Poboación beneficiada co proxecto e incidencia sobr e a mellora da calidade de vida		5
	Acción ou servizo non existente no territorio GDR	5	
	Acción ou servizo non existente no concello	4	
	Acción ou servizo que supoña rehabilitación dunha edificación tradicional	3	
	Acción ou servizo non existente na parroquia ou lug ar	2	
	Novo produto nun servizo xa existente	1	
4.2.	Incidencia sobre colectivos determinados: mocidade, promoción da igualdade, integración de colectivos d e especial dificultade		20
4.2.1.	Beneficiarios aos que vai dirixido especificamente o proxecto (acumulable)		10
	Persoas con discapacidade	4	
	Mulleres	4	





	Infancia, xuventude ou terceira idade	2	
	Colectivos en risco de exclusión social	2	
4.2.2.	Perspectiva de xénero		10
	Proxectos que incorporen no seu desenvolvemento actuacións que promovan a igualdade de xénero e en concello que teñan vixente Plan de Igualdade	10	
4.3.	Proxecto promovido por entidade privada en colaboración con concello ou traballo de voluntariado (con convenio e axustado ao establecido no capítulo VI: artigos 47 a 54 da Lei 40/2015 do Réxime Xurídico do sector Público))		8
			100

Puntuación máxima posible: 100

Considérase subvencionable a partir de: 25 puntos

Porcentaxe máxima de axuda (a partir de 80 puntos): 90%

Proxectos de prioridade alta: axuda máxima 90% e axuda mínima: 30%

Proxectos de prioridade media: axuda máxima 70% axuda mínima: 30%

Outros proxectos: axuda máxima 50% axuda mínima: 30%

Axuda máxima: 30.000 €

*colectivos desfavorecidos: discapacitad@s, mulleres, moz@s <41 anos, maiores de 55 anos, persoas desempregadas de longa duración (> 6 meses)

CONDICIONANTES:

Os locais sociais de nova creación só será subvencionables cando NON EXISTA OUTRO NA PARROQUIA e se instale nunha EDIFICACIÓN TRADICIONAL a rehabilitar.

Para locais sociais existentes (ampliación ou modernización): axuda máxima 20.000 €

*Proxectos encadrados nos conceptos de biodiversidade e hábitat sempre que teñan a ver con especies autóctonas nos seus hábitats naturais.

Biodiversidade: termo co que se fai referencia á ampla variedade de seres vivos que conforman a terra segundo o Convenio Internacional sobre Diversidade Biolóxica.

Hábitat é o ambiente que ocupa una poboación biolóxica, espazo no que una especie pode residir e reproducirse perpetuando a súa presenza.

Serán subvencionables unicamente as vivendas comunitarias, centros de día e de residencia de maiores de nova creación sempre que sexa un servizo novo no concello (certificado u informe do concello).

Non serán subvencionables as ampliacións, melloras ou modernizacións de VIVENDAS, RESIDENCIAS OU CENTROS DE DÍA. Salvo aquelas actuacións de mellora da eficiencia enerxética ou da adaptabilidade a persoas con capacidades especiais.

Quedan excluídos de subvencionalidade todas as actuación que teñan como fin a construción ou mellora dun velorio ou tanatorio

Patrimonio prioridade alta en BIC o resto, en prioridade media.

Os ben BIC da igrexa que consistan no arranxo estruturais das edificacións non serán subvencionables polo LEADER





Limitación 10.0000 euros para estudos, libros guías e páxinas web
As actuacións de mellora da biodiversidade e a conectividade ecolóxica en explotacións agrarias ata un máximo de 10.000 € de axuda (restauración de sebes, bosquetes, humedais, etc.)

8. Táboa de indicadores xeográficos por concellos

Concello	PUNTOS		
	Taxa de paro 2022 (T)	Índice de envellecemento 2022 (IE)	Variación POBOACIÓN 2012-2022 (V)
Allariz	10,6	20,3	238
Baltar	1,5	21,6	-58
Bande	2,7	24,6	-128
Baños de Molgas	2,2	23,3	-58
Blancos, Os	1,8	25,5	-77
Bola, A	2,8	25,5	-111
Calvos de Randín	0,8	24,1	-101
Celanova	14,3	21,9	86
Entrimo	2,5	25,0	-48
Lobeira	0,9	29,4	-33
Lobios	3,2	19,8	-29
Maceda	6,9	24,3	-37
Muíños	2,2	30,7	-62
Porqueira	1,3	29,3	12
Quintela de Leirado	1,6	27,3	5
Rairiz de Veiga	2,4	23,9	15
Sandiás	2,1	25,8	-66
Sarreaus	1,6	23,6	-43
Taboadela	2,6	21,5	-82
Trasmiras	2,5	17,8	28
Verea	1,5	25,8	-27
Vilar de Barrio	2	22,0	-111





Vilar de Santos	1,7	23,7	-37
Xinzo de Limia	25,5	18,4	-225
Xunqueira de Ambía	2,7	22,3	-30

9. *Mecanismo asegurar a libre concorrência e procedemento para os conflitos de interese*

a. Mecanismos

Para asegurar a libre concorrência dos proxectos presentados o gdr Limia Arnoia será escrupuloso na transparencia de todo o proceso, de tal xeito que:

- Farase un esforzo na difusión das convocatorias de axudas:
 - Web do grupo de desenvolvemento rural. www.limia-arnoia.gal
 - Redes sociais propias, na dos concellos que conforman o GDR e entidades sociais
 - Publicidade en medios de comunicación rexionais (sinatura de convenio con La Región)
 - Envío de notas de prensa
 - Entrevistas da xerencia e presidencia nas radios locais (Cope, Ser, Onda cero)
 - Web de AGADER
 - Envío de mailing aos contactos do GDR
- As normas de xestión das axudas e os baremos de puntuación estarán sempre dispoñibles na web do GDR e nas oficinas (taboleiros de anuncios).
- A baremación será trasladada á Xunta Directiva do GDR e aprobarase , despois de recibir o a verificación dos informes por parte de AGADER.
- A web do GDR ten un apartado de **proxectos** nos que se pon toda a información relativa aos proxectos presentados e dos seleccionados en cada convocatoria.





Fondo Europeo Agrícola de
Desenvolvemento Rural:
Europa inviste no rural



ASOCIACIÓN LEADER GUÍA DAS AXUDAS FORMULARIOS PROXECTOS CURSOS MULTIMEDIA COOPERACIÓN

Estes son os proxectos produtivos e non produtivos que foron postos en marcha ca colaboración do GDR Limia - Arnoia desde o ano 2017 ata a actualidade.

22



Privé

En cada convocatoria está dispoñible as listaxe de proxectos presentados por tipoloxía e unha ficha resumo dos proxectos subvencionados coa seguinte información:

ASOCIACIÓN LEADER GUÍA DAS AXUDAS FORMULARIOS PROXECTOS CURSOS MULTIMEDIA COOPERACIÓN



Expediente: L21-19.20-10-0269
Promotor: Sterna Xestión Ambiental S.L.
Concello e Lugar: Vilameá (Lobios)
Puntuación: 65,48
Orzamento Aceptado: 52.288,54 €
Percentaxe axuda: 50%
Contía Axuda: 26.144,27€

INCIDENCIA NO EMPREGO
Nº de UTAS Consolidados: 1,24
Nº de UTAS Xerados:

Esta iniciativa pretende poñer en marcha unha nova liña de traballo de produción audiovisual especializada en natureza. A creación desta nova actividade na empresa ten como base a experiencia previa e coñecemento do medio natural á vez que na formación continua, co mantemento da actividade empresarial especializada. Permitirá poñer en valor os recursos naturais da Baixa Limia e ofertar un produto con cada vez maior demanda en canto a contidos audiovisuais.



XUNTA
DE GALICIA

CONSELLERÍA
DO MEDIO
RURAL



Elaboración de dossier final cos proxectos subvencionados no período de programación no que se recollan todos os proxectos subvencionados no LEADER 2023-2027.

23



a. Conflitos de interese

Os proxectos que se presentan á convocatoria de axudas serán valorados polo equipo técnico do GDR e posteriormente levado á probación das Xunta Directiva da entidade, tras a verificación do ICE por parte de Agader.

En todo o procedemento deben evitarse os conflitos de intereses dos membros dos órganos de avaliación e decisión do GDR, polo debe xuntarse, a cada expediente, unha declaración expresa, asinada por todas as persoas que participen na selección dun proxecto, sinalando que non teñen ningún interese persoal ou profesional directo na selección do citado proxecto.

5. Zonificación

O territorio do GDR é un territorio amplo e diverso, por iso entendemos que dentro das prioridades do territorio en xeral debemos facer unha especialización por zonas, tendo en conta que cada unha destas zonas ten unha clara vocación:

ZONA 1: Corresponde con parque Natural Baixa Limia Serra do Xurés e concellos limítrofes, nos concellos de Muíños, Bande, Lobios, Lobeira, Entrimo, Calvos de Randín e Vereia, onde intentaremos priorizar proxectos que teñan que ver coa posta en valor





dos recursos do parque (naturais) dende unha visión produtiva e xeradora de emprego, incluído os servizos turísticos no parque.

ZONA 2: A comarca da Limia é unha comarca agraria polo que promover e favorecer proxectos vinculados ao sector (produción, transformación, comercialización e diversificación das explotacións agrarias).

ZONA 3: Terras de Celanova e Allariz Maceda, son dúas comarcas cunha clara vocación turística e comercial. Mellorar, profesionalizar e diversificar a oferta do sector servizos nos concellos desta Zona.

ZONA 3B. Con Celanova no centro inclúe A Bola, e Quintela de Leirado.

ZONA 3A: Allariz, Taboadela, Xunqueira de Ambía, Baños de Molgas e Maceda.

Na baremación de proxectos produtivos puntuarase con **15** puntos aqueles proxectos que se encadren na temática da zonificación.

